

Estratexia didáctica



PODCAST. Unha historia digna de escoitar.

Estratexia integrada no proxecto interdisciplinar Historia-TIC para 4º ESO

Elaboración de podcast en lingua galega sobre temáticas de historia contemporánea e o mundo actual como procedemento para o traballo das destrezas relacionadas coa busca e selección de información, a creación de guións e a interpretación, o pensamento crítico, o almacenamento de recursos e materiais na rede, a edición de audio ou o uso de canles de distribución de contidos multimedia, entre outros.

Levar a cabo un proxecto interdisciplinar que fomente a educación en valores e o pensamento crítico, dende unha óptica feminista, sobre temas relacionados cos dereitos humanos e co mundo actual.

Implementar actividades que potencien a socialización en lingua galega, ben dende o uso das TACs para a creación de materiais relacionados co proxecto, ben dende a música ou a dramatización teatral.

Fomentar o uso das novas Tecnoloxías da Aprendizaxe e da Comunicación (TACs) e das plataformas para compartir información.

Obxectivos

Favorecer a posta en práctica de metodoloxías activas e do traballo cooperativo en liña, para fomentar a participación do alumnado nunha situación de aprendizaxe mixto ou virtual.

1



Recurso(s) TAC

Ligazóns a Podcast na rede.
Cronoficción:
<https://www.podiumpodcast.com/cronoficcion/temporada-1/>

Bases de datos de referencia:

[A hemeroteca dixital da Biblioteca Nacional de España](#)
[A biblioteca virtual de prensa histórica](#)
[A hemeroteca de RTVE.es](#)
[A hemeroteca da Biblioteca Dixital de Galicia. Galiciana](#)

Bancos de efectos de son e música libre de dereitos:

<http://bbcsofx.acropolis.org.uk/>
<http://soundbible.com>
<https://freemusicarchive.org>
<http://dig.ccmixer.org/>

2

Ferramenta(s) TAC

Audacity. Editor e gravador de audio multipista para Windows, macOS, GNU/Linux e outros sistemas operativos. Desenvolvido por un grupo de voluntarios como código aberto.



Aps de balde para a gravación de voz, alternativas ás notas de voz. Sound Recorder ou Audiologic.



Nivel de dificultade de uso TAC

- Nivel baixo
- Nivel medio
- Nivel alto

Modalidade(s) de ensino

- Presencial
- Ensino mixto
- En liña

Dinámica(s) de traballo

- Individual
- Interacción
- Cooperación

Fundamentos pedagóxicos do uso da ferramenta TAC



Selección de fontes textuais e sonoras (efectos de son, música) e avaliación da súa validez ou adecuación á estratexia formulada.



Emprega canles de distribución de contidos multimedia para aloxar materiais propios e enlazalos noutras producións.



Uso das habilidades relacionadas coa locución para interpretar obras sonoras.



Traballo de destrezas superiores ao aplicar resultados ou coñecementos noutros contextos e formatos.



Desenrolo da xestión e almacenamento de materiais dixitais, e de intercambio de información en distintas plataformas con actividades que requiren compartir recursos en redes locais e virtuais.